



MEMORIA DE ACTIVIDADES

FACULDADE DE CIENCIAS
ECONOMICAS E EMPRESARIAIS

UDC

ANO 2006

INDICE

Actividades das Cátedras	3
Seminarios	5
Conferencias	7
Xornadas	8
Charla coloquio	11
Ciclos de Conferencias	12
Asociacións de estudantes	15
Teses de Doutoramento durante o ano 2006	19

MEMORIA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E FORMATIVAS NON REGRADAS

Actividades das Cátedras

1. Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea

A Comisión da Comunidade Europea, Dirección Xeneral X, a proposta do Consello Universitario Europeo para a Acción Jean Monnet na súa reunión de marzo de 1998, decidiu a concesión dunha nova **cátedra de “Economía Industrial Europea”**, da que é titular o **Prof. Dr. J. Andrés Faña**.

A cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea impártese anualmente de forma intensiva –meses de febreiro e marzo-, a docencia de dous cursos Economía da Competencia na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, e a Escola Universitaria de Estudos Empresariais:

- “Economía da Competencia I: Análise das Regras da Competencia na Unión Europea” e
- “Economía da Competencia II: Política Industrial e Competencia nos sectores de servizos” para os estudantes de Ciencias Económicas e Empresariais.

Intégranse como materias optativas de carácter positivo e serven tamén como **créditos de libre elección** nos plans de estudio, figurando co valor de 4,5 créditos (45 horas lectivas) nas certificacións académicas dos estudantes que as cursaran con aproveitamento, xunto coa cualificación obtida.

A finalidade principal dos cursos de Economía da Competencia na Unión Europea é desenvolver a capacidade dos estudantes para manexar, discutir e formular con soltura os problemas relacionados coas estratexias empresariais e as institucións de regulación da competencia na Unión Europea, así como coas políticas de apertura á competencia e a nova regulación dos sectores de servizos básicos e de contratación pública.

Neste marco imparten conferencias personalidades tan sinaladas, como:

- Jorge FERNANDEZ GOMEZ, InterMoney Energía,
- Francisco RODEIRO MARTA, D. Planificación “R”,
- Iñigo HERGUERA, Comisión Nacional do Mercado de Telecomunicacións,
- Anxo CALVO, D.X. Industria, Xunta de Galicia,
- Fernando VARELA CARID e José ANTONIO VARELA, Tribunal Galego de Defensa da competencia.

2. Cátedra de Empresa Familiar

Neste primeiro ano de funcionamento da Cátedra de Empresa Familiar da Universidade de A Coruña, as súas actividades formativas centráronse na posta en marcha da materia de libre elección denominada “Empresa familiar e emprendedores” dun total de 6 créditos e impartida na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no segundo cuadrimestre do curso e coa dirección do prof. Dr. D. José Antonio Novo Peteiro.

A docencia da materia contou con profesores dos Departamentos de Análise Económico e Administración de Empresas, Economía Aplicada I, Dereito Público e Dereito Privado. Asemade, participaron nas actividades formativas da Cátedra empresarios familiares como Luis López Rico (Conselleiro Delegado do Grupo Losan), Jesús Pérez Reñones (Director Xerente de Curtidos Galaicos, S.L.) e Roberto Tojeiro Rodríguez (Vicepresidente de Gadisa), así como con profesionais da consultaría e auditoría como Alejandro Álvarez (Landwell) e Juan Carlos Ramos Maneiro (PriceWaterhouse Coopers).

3. Cátedra de Responsabilidade Social Corporativa Inditex-UDC

Dentro do ciclo de actividades da Cátedra, en xaneiro de 2006, impartíronse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais dúas conferencias:

Conferencia: “Responsabilidad Social en el Complejo Entorno venezolano”.

Dna. Elizabeth Mora. Fundación Gumilla, Venezuela

Día: Xoves, 12 de xaneiro de 2006

Lugar: Salón de Actos

Conferencia: “La Responsabilidad Social Corporativa en Inditex”

D. Javier Chércoles (Inditex)

Día. Xoves, 19 de xaneiro de 2006

Lugar: Salón de Actos

4. Cátedra Fundación Caixa Galicia

Conferencia. “Innovation and Technology Policy (ITP) for Catching Up: A Three Phase Life Cycle Framework for Industrializing Economies”.

D. Morris Teubal, Prof. da Universidade Hebrea de Xerusalén

Día. Mércores, 15 de Marzo de 2006

Lugar: Salón de Actos

Seminarios

1. Seminario sobre Macroeconomía Dinámica

Organizador: Departamento de Economía Aplicada II

Día: 3 de febreiro

Lugar: Salón de Grados da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Programa:

11:30h: Growth, Sectoral Composition, and The Wealth of Nations,
Jaime Alonso Carrera (Universidad de Vigo).

12:30h: Optimal Fiscal Policy,
Salvador Ortigueira (Instituto Universitario Europeo, Florencia).

2. Seminario teoría de xogos e o deseño institucional

Organizador: Departamento de Humanidades. Vicerreitorías de Investigación e de Harmonización e Calidade da UDC.

Día: 30 de maio as 18 horas

Julia Barragán, profesora da Universidade de Caracas e principal discípula do premio Nóbel de Economía 1994, John Harsanyi.

3. Seminario “As relacións transatlánticas EEUU – Europa: cooperación con España”

Organizador. Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea e a Oficina de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña.

Día: 1 de decembro de 2006

Lugar: Salón de Graos

Kenneth A. Forder, responsable de asuntos de medio ambiente, ciencia, tecnoloxía, saúde e carteiras de control de armamento e desarme da Embaixada de Estados Unidos en Madrid

4. Seminario “Introdución ao análise estatístico e econométrico espacial”

Organizador. Programa de Terceiro Ciclo: “Competencia na U.E.: Análise Económico e Empresarial” na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de A Coruña.

Duración. 40 horas

Dr. D. Ángel Alañon Pardo

5. Seminario “Investigación de marketing na sociedade da información: novas ferramentas e propostas”

Organizador. Área de Comercialización e Investigación de Mercados ” na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de A Coruña.

Duración. 40 horas

Dr. D. Teodoro Luque Martínez. Catedrático de Comercialización e Investigación de Mercados da Universidade de Granada

6. Seminario “Microeconometría: datos de panel”

Organizador. Programa de Terceiro Ciclo do Departamento de Análise Económico e Administración de Empresas xunto co Dpto. de Economía Aplicada II na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de A Coruña.

Duración. 40 horas

Prof. D. Teodosio Pérez Amaral, MA e Ph. D. in Economics pola Universidade de California, San Diego, profesor do departamento de Análise Económica II (Economía Cuantitativa) de la UCM

7. Seminario “Internet estratexias de futuro. O consumidor interactivo”

Organizador. Dpto. Análise Económica e ADE en colaboración co Máster en Banca y Mercados Financeiros.

Día: 12 de decembro de 2006

Lugar: Salón de Graos

10:00 h. a 12:00 h. D. José A. Rodríguez Álvarez, Universidade de Barcelona

12:30 h. a 14:30 h. D. Raúl de la Cruz Linacero, Director Xeral de VIVOCOM - TV por internet

16:30 h. a 18:30 h. D. Manuel Sala González, Director de OJD interactivo

Conferencias

1. Conferencia. *O pacto local*

Conferenciante. D. José Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia

Organizador: Decanato

Día. 6 de abril de 2006

Lugar: Salón de graos

2. Conferencia. *“Saídas profesionais requisitos e aptitudes”*

Conferenciante. D. Gonzalo Barrio García
Prof. UDC

Organizador: Centro de Estudios Garrigues

Día. 1 de decembro 2006

Lugar. Aula 0.6

3. Conferencia *“Situación y perspectivas de la economía Europea: una especial referencia a España”*

Conferenciante. D. José Manuel González-Páramo
Catedrático de Facenda Pública da UCM. Membro do Comité
Executivo do Banco Central Europeo

Organizador. Fernando González Laxe e Decanato.

Día: 15 de decembro de 2006

Lugar: Salón de Graos

Xornadas

III XORNADAS DE MÁRKETING DE CIDADES

Entre os días 26 e 28 do mes de abril celebrouse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais a terceira edición das Xornadas de Marketing de Cidades, que nesta ocasión levou como subtítulo Imaxe e Territorio. Da súa organización encargáronse os profesores Laurentino Bello e Valentín Martínez da área de Comercialización e Investigación de Mercados.

Mércores 26 de abril

Acto inaugural: D. Javier Losada. Excmo. Alcalde de A Coruña e D. Gustavo Rego. Ilmo Decano da F.CC.EE.e EE. Da UDC

Conferencia. “Marketing de cidades e crecemento económico: impacto económico da rexeneración urbana e a organización de eventos”

Victoria Elizagarate

Titular de Comercialización e Investigación de Mercados UPV

Conferencia. “Stadtmarketing in Wandel. Marketing urbano na RFA: experiencias, desafíos e novas tendencias”

Reinhard Friedman

Consultor organizacional. Doutor en CC. Políticas por Heidelberg

Comunicacións de Citymarketing

Conferencia. “Plano estratéxico e internacionalización das cidades e rexións. Experiencias chilenas”.

Alberto Luengo e Piero Moltedo

Universidade de Viña del Mar

Conferencia. “Perspectivas do Turismo náutico en Galicia”

Ruben Camilo Lois

D.X. Turismo da Xunta de Galicia

Conferencia. “Zaragoza 2008. Unha cidade universal”

Jaime Armenter

Xefe de promoción marketing e publicidade da Expo 2008

Xoves 27 de abril

Conferencia. “A cidade inmaterial: da planificación estratéxica ao marketing urbano”

Andrés Precedo
Catedrático de Xeografía Física da USC

Conferencia. “Ruptura ou tradición?: evolución estética e urbanística da cidade da Coruña”

Fernando Agrasar
Arquitecto. Profesor da ETSA da USC

Comunicacións (Tres sesións: Turismo, Economía e Arte e Patrimonio)

Conferencia. “Xestión cultural privada en tramos urbanos: A experiencia da Fundación Pedro Barrie de la Maza en A Coruña e Vigo”

Marta Rey
Directora da Fundación Barrie

Conferencia. “ARCO: un modelo de xestión cultural”

Lourdes Fernández
Directora de ARCO

Táboa Redonda. “Imaxe e planos estratéxicos das cidades ao traveso dos portos”

Macario Fernández-Alonso
Presidente da Autoridade Portuaria de A Coruña
Abel Caballero
Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo
Amable Dopico
Presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol
Moderador. Valentín A. Martínez

Venres 28 de abril

Conferencia. “ A promoción da cidade e o mar. Turismo náutico”

Gregorio Méndez
Consultor experto en marketing náutico

Conferencia. “ Aportacións da arquitectura ao turismo náutico-deportivo: as torres de control”

Diego Angis
Universidade de Sevilla

Conferencia. “ Aportacións do patrimonio industrial a imaxe das cidades”

Xan Carmona
Catedrático de Historia Económica da USC

Clausura e Entrega de diplomas

D. José María Barja
Excmo e Magnífico Reitor da UDC

I XORNADAS SOBRE A CNMV E O MERCADO DE VALORES

Realizadas na Facultade de CC. Económicas e Empresariais entre os días 26 e 28 de abril. A organización do curso correspondeulle aos departamentos de Análise Económico e ADE e Economía Financeira e Contabilidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da UDC, sendo os directores do curso os profesores Rafael García Rodríguez e José López Rodríguez

O obxectivo fundamental das xornadas era dar a coñecer aos estudantes as funcións e competencias da CNMV así como distintos aspectos relacionados cos mercados financeiros: dereitos e obrigas do investidor, as cuestións que se deben ter en conta na operativa do mercado de valores, tipos de fondos de investimento, tratamento da información nas relacións entre intermediarios e investidores etc..

O **programa** do curso foi o seguinte:

Día 26 de abril

“La CNMV y la protección del inversor”

Ana Bayón Pérez

Xefa do Servizo de Consultas e Reclamacións

“Los derechos y obligaciones del inversor”

Violeta Rodríguez Ruiz

Coordinadora do Servizo de Consultas

DIA 27 de abril

“La toma de decisiones de inversión. Productos de Renta Fija y Variable”

Andrés Bello

Analista da área de Educación do Investidor

“Operativa de los mercados de valores en España. Aspectos a tener en cuenta por el inversor”

Juan Pablo Martín Martín

Analista do Servicio de Consultas e Reclamacións

DIA 28 de abril

“Los Fondos de Inversión y la Inversión colectiva: Perspectivas del partícipe”

Francisco Jiménez Manzorro

Analista da área de Educación do Investidor

“El problema de la información en las relaciones entre intermediarios e inversores”

Cristina Carrillo Rivero

Responsábel de Educación do Investidor

Charla coloquio

Normas internacionais de información financeira. Novas normas, novos conceptos.

Organizador . Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Jorge Túa Pereda

Día. 10 de xuño de 2006

Lugar. Salón de Graos 12.00 h.

Ciclos de Conferencias

CICLO DE CONFERENCIAS SOBRE BANCA E FINANZAS

O obxectivo do ciclo de conferencias, celebradas no salón de graos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, sobre Banca e Finanzas realizado na Facultade de CC. Económicas os días 21 de abril e 5 e 12 de maio tiñan por finalidade dar a coñecer ao estudantado do noso centro e á sociedade en xeral, a implantación do Máster Oficial en Banca e Finanzas da UDC. A equipa decanal agradece a colaboración do prof. Dr. D. Antonio Grandío na organización das conferencias.

Día 21 de abril de 2006

Acto de presentación.

Dna. Pilar Uriz Tomé. Vicerreitora de Organización Académica da UDC
D. Gustavo Rego Veiga. Decano da Facultade de Ciencias Económicas

Mesa redonda: “*A importancia da formación no sector bancario*”.

Moderador: D. José Vicente Calcines Cristal

Participantes:

D. José Manuel Bellón García. D. de Persoal do Banco Gallego
Dna. María Camino Agra. Dra. de Desenvolvemento Estratéxico de Directivos de Caixa Galicia
Dna. Yolanda García Cagiao. Subdirectora Xeral do Banco Pastor

Conferencia “*Globalización, RSC y las Cajas de Ahorros españolas*”

D. Juan Ramón Quintás Seoane
Catedrático de Universidade e Presidente da CECA

Día 5 de maio de 2006

Mesa redonda: “*A banca privada en Galicia*”.

Moderador: D. Antonio Grandío Dopico

Participantes:

D. Alvaro Torres Gestal. D. Adxunto de Banca Privada do Banco Pastor
D. Carlos Estévez Mengotti. D. de Banca Privada do Banco Gallego
D. Enrique Gago. D. de Morgan Stanley en Galicia

Día 12 de maio de 2006

Mesa redonda: “Sector Financeiro e desenvolvemento empresarial”.

Moderador: D. Eugenio García Lalinde

Participantes:

D. José Luís Méndez Pascual. Conselleiro Delegado da
Corporación Caixa Galicia

D. Álvaro Álvarez Blázquez. D. Xeral de XesGalicia e Presidente
de SODIGA

Conferencia “Caixanova e o Desenvolvemento Rexional. O apoio ao
empendedor como motor do crecemento”

D. Julio Fernández Gayoso

D. Xeral de Caixanova

Acto de Clausura.

D. Ángel S. Fernández Castro. Vicerrector de Planificación Estratégica
da UDC

D. Eugenio García Lalinde. D. Xeral de Política Financeira e do Tesouro.
Xunta de Galicia

FORO DE ECONOMÍA

Organizador: El Ideal Gallego.

Realización dun ciclo de tres mesas redondas coa participación de empresarios,
profesores e profesionais de diversas empresas, co obxectivo de fomentar a cultura
emprededora entre o estudiantado da Facultade de Cc. Económicas e Empresariais.

A cultura emprendedora,

13 de novembro de 2006

D. Xosé Manuel Castro
Director del Foro Galego do Emprendemento
Subdirector de difusión tecnolóxica do Igape

D. Rafael María García
Catedrático de Organización de Empresas da UDC.

D. Luis Fernández Somoza
Presidente de Azkar

D. Daniel Ramos Lobon
Experto en el desarrollo de proyectos en Internet.
Presidente da Federación Gallega de Asociaciones de Jóvenes Empresarios.

D. José Luis Ferreiro
Enxeñeiro técnico
Director da empresa de seguridade Sicygal

A relación entre a Universidade e a empresa

20 de novembro de 2006

D. José Antonio Novo Peteiro
Profesor de Fundamentos de Análisis Económico e director da Cátedra de
Empresa Familiar

D. Gonzalo González
Director comercial da empresa de servicios
financieros, Afigal SGR.

D^a. María Camino Agra
Directora del Instituto Tecnológico Empresarial de Caixa Galicia

D. Diego Taibo Monelos
Licenciado en Derecho.
Directivo de la Asociación Marineda de Jóvenes Empresarios.

**Os nichos de negocio, sectores emerxentes e cooperación e internacionalización nas
empresas**

27 de novembro de 2006

D. Ramón Nogueira
Director Xerente de Alamunt Business Network

D^a. Susana Vázquez García
Técnica do IGAPE

D. José Luis Fernandez Pazos
Director da empresa Cofrico

D. Julio Sequeiros Tizón
Catedrático de Economía Aplicada da UDC

D^a Jesusa Pérez Cabido
Responsábel de Estudos Sectoriais de Caixa Galicia

Asociacións de estudantes

IESGA

* “Curso Contaplús”

Curso de tipo presencial sobre o programa Contaplús de xestión da Contabilidade Financeira da empresa.

Lugar.- Aula de informática da Facultade de Económicas e Empresariais de A Coruña.

Primeiro Grupo: de luns a xoves de 14:00 a 15:30. Do 13/11/06 a 5/12/06.

Segundo Grupo: de martes a venres de 12:00 a 13:30. Do 14/11/06 a 14/12/06.

Total: 20 horas de Curso.

* Día da Sida

Un ano máis, dende a Asociación de estudantes Iesga levamos a cabo unha actividade que ven sendo habitual tódolos primeiros de decembro para conmemorar o día da loita contra a Sida.

Dita actividade consiste principalmente no reparto de diverso material por cada unha das facultades que conforman os campus de Elviña e a Zapateira así como en asesorar ós estudantes ante calquera dúbida.

* Campaña informativa Regulamento de exames

Na semana do 20 ao 25 de novembro realizamos unha campaña de reparto de Regulamentos de Exames e explicámolo entre o alumnado. Co fin de que coñezan os seus dereitos, imos clase por clase dándolles unha copia e explicámoslles a liñas principais. Tamén fixemos carteis para apoiala campaña.

* Campaña unha idea, unha piruleta:

Para coñecer as queixas e desexos dos alumnos da Facultade, IESGA puxo durante case unha semana una mesa no hall onde estivemos recoñecendo as ideas para melloral a facultade. Apoiamos a campaña con cartaces e distribución de piruletas (a cambio da idea) Esta campaña foi moi positiva porque foi a que tivo máis e mellor resposta por parte do alumnado e deunos a coñecer. Con esas ideas, elaboramos o noso programa electoral para as eleccións ó claustro e xuntas de facultade. Semana de 13 ao 17 de novembro.

*** Préstamo de apuntes e asesoramento ao estudante**

Unha das actividades que IESGA innovou no seu día e que, hoxe por hoxe, moitas das asociacións da UDC realizan tamén, é o préstamo de apuntes.

Un dos problemas cos que moitos estudantes se atopan ó longo do curso consiste na falta de soporte polo que estudar as diferentes materias, ben por carecer dos apuntes que os profesores van dando na clase, ben por ser estes deficientes para o propio suxeito en particular. É por isto, que contamos cunha comisión de apuntes que, si ben non pretende fomentar o absentismo das aulas, si pretende complementar o recollido polo alumno ou alumna en cuestión e axudarlle u pouco máis na labor de estudo.

Esta tarefa estamos aínda a levar a cabo, actualizando e recollendo mais apuntes.

*** Debate sobre os orzamentos da Xunta de Galicia 2007.
Día 30 de novembro de 2006**

Alberto Sueiro Pastoriza (PP)
María Xosé Vega Buxán (BNG)
María del Mar Barcón Sánchez (PSdeG).

CAF DE ECONÓMICAS, ADE E EMPRESARIAIS**Nível formativo: Xornadas sobre Economía Alexandre Bóveda**

As Xornadas sobre Economía Alexandre Bóveda, acadaron este ano a súa cúspide, respecto das anteriores citas, chegando ao cumio de case 500 matriculados e que contou cunha asistencia media a todos os actos programados de máis de 400 persoas. Estas xornadas conforman xa unha aposta decidida dos CAF na diversificación da formación do estudantado ao que non lle serve só coas aulas, senón que precisa doutro tipo de formación orientada ademais de acadar créditos de libre configuración para remataren a carreira. Desta volta, en 2006, tivemos a sorte de poder contar nas nosas xornadas con importantes persoas do ámbito governamental, coma o Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana; do ámbito empresarial coma os directivos de Caixanova, Blu:sens, R Telecomunicacións e representantes de Asociación de empresarias; do ámbito académico contamos con xente do propio centro como os profesores Faña, Grandío...

Asemade, cabe subliñar a boa acollida dunha proposta nosa vencellada ás Xornadas: concretada na inauguración dunha aula dedicada ao egregio economista galego Alexandre Bóveda, no cen cabodano do seu fusilamento

Nível lúdico: Festa do Patrón

Por segundo ano consecutivo, os CAF fomos quen de organizar a Festa do Patrón, que como o ano anterior tivo lugar o día de Santo Vicente Ferrer (patrón de

Económicas). Esta Festa, organizada en exclusiva polos CAF, é a única que garante música 100% en galego na Universidade da Coruña, con grupos punteiros na Galiza como Zënzar ou mesmo Ruxe-Ruxe, que participou dela o ano pasado.

Nível Informativo: Campaña de divulgación da Normativa Académica

Tras a aprobación da Normativa Académica alá por xuño deste ano 2006, os CAF fomos os primeiros en sacala á luz pois fora unha das grandes reivindicacións da nosa organización durante moito tempo.

Se ben é certo que logo da súa aprobación os CAF sempre fixemos patente a necesidade de ir mellorando esta normativa non podemos máis que felicitarnos por termos conquirido este grande paso na democracia do ensino universitario. Para o coñecemento por parte do estudantado, editamos volantinas e incluso macrocartaces tamaño A0 que se colaron pola Facultade.

Nível reivindicativo:

Campaña do Transporte

Outra das reivindicacións históricas dos CAF é un transporte digno para a Universidade, unha reivindicación sobre a que temos traballado moito, dende colar faixas ate facer propostas no propio concello da Coruña, pasando por unha recollida de sinaturas coa que conseguimos reunir máis de 2000 postais co lema da campaña e que foron entregadas ao Concello

Campaña de Vivenda

Unha das campañas que marcou este primeiro cuadrimestre de actividade dos CAF foi a reivindicación do carácter verdadeiramente público da área residencial que vai ser construída no campus d'A Coruña ademais de darlle ao estudantado voz neste proxecto. No marco desta campaña recolléronse varios miles de sinaturas que se entregarán na Vicerreitoría de Infraestruturas da UDC e na Consellaría de Vivenda da Xunta de Galiza.

AIESEC

“The Global Village”

AIESEC, presente en 95 países, como asociación de estudantes que contribúe ao desenvolvemento dos países e das súas xentes con un compromiso de entendemento e cooperación internacional. Ideais importantes de AIESEC son vivir a diversidade e se divertir participando e é de aquí de onde xurde a idea de realizar un Día Internacional. Os membros de AIESEC coñecen a importancia de saber integrarse en diferentes culturas.

AIESEC levou a cabo este proxecto pola internacionalidade que supón, porque da a posibilidade aos seus membros e as persoas que participan de coñecer pequenas partes

de outra cultura e de vivir a diversidade a través de unha interacción con persoas de outros países e da súa gastronomía.

Os obxectivos do proxecto eran:

- Poñer en contacto a persoas de diversos países e culturas.
- Chegar a un coñecemento e entendemento maior por parte dos estudantes españois da cultura e costumes de outros países.
- Fomento da cultura española dentro dos estudantes/participantes foráneos.

As actividades durante o evento consistiron en:

- Déronse a coñecer diferentes partes do mundo a través da instalación de 15 stands con información sobre cada un dos respectivos países representados.
- Os asistentes puideron participar e se divertir das presentacións das distintas culturas así como distintos xogos e actividades para coñecer máis en profundidade a cada uno dos países representados.
- Os asistentes degustaron diversos pratos típicos dos distintos países representados de forma totalmente gratuíta. Todos os pratos foron preparados polos propios participantes.

A asistencia

- O número estimado de asistentes é de máis de 400 dando mostra do gran éxito e repercusión do mesmo dentro do centro así como en toda a Universidade.

AFPUI Junior Empresa

- **Campaña de captación de novos socios**
- **Cursos de formación**

Cursos de Análise Bursátil

Duración. 20 horas

Lugar. Aula Magna da Facultade de CC. EE. E EE.

Profesor. D. Miguel Ángel López Mendo

Participantes. 83 persoas

- Elaboración de la **revista** *Ceteris Paribus* con unha tirada xeral de 200 exemplares.
- Creación da **páxina web** www.afpuije.com

Teses de Doutoramento durante o ano 2006

TITULO. Avaliación da eficiencia productiva na xeración de electricidade dos parques eólicos galegos

DOCTOR/A. IGLESIAS GOMEZ, GUILLERMO

DIRECTOR/A. ERIAS REY, ANTONIO

TRIBUNAL

PRESIDENTE BONO MARTINEZ, EMERITO
VOCAL 1 TOMAS CARPI, JUAN ANTONIO
VOCAL 2 GONZALEZ GARCIA, JOSE LUIS
VOCAL 3 PETITBO JUAN, AMADEO
SECRETARIO PRADO DOMINGUEZ, A. JAVIER

DATA 21/07/2006

TITULO. Avaliación ambiental e nova axenda de políticas vinculadas o desenrolo sostible: cara a un sistema de avaliación de sustentabilidade

DOCTOR/A ALVAREZ-CAMPANA GALLO, JOSE MANUEL

DIRECTOR/A ERIAS REY, ANTONIO

TRIBUNAL

PRESIDENTE BONO MARTINEZ, EMERITO
VOCAL 1 TOMAS CARPI, JUAN ANTONIO
VOCAL 2 PETITBO JUAN, AMADEO
VOCAL 3 SUAREZ LOPEZ, JOAQUIN
SECRETARIO PRADA RODRIGUEZ, DARIO

DATA 20/07/2006

TITULO. Análise das promocións de vendas no sector da prensa diaria en Galicia: Efectos sobre a difusión

DOCTOR/A JUANATEY BOGA, OSCAR

DIRECTOR/A MARTINEZ FERNANDEZ, VALENTIN ALEJANDRO

TRIBUNAL

PRESIDENTE BELLO ACEBRON, LAURENTINO
VOCAL 1 CAMPOS FREIRE, FRANCISCO
VOCAL 2 SANZ DE LA TAJADA, LUIS ANGEL
VOCAL 3 TORTOSA VIDAL, JOSE MARIA
SECRETARIO CERVIÑO FERNANDEZ, JULIO

DATA 11/01/2006

TÍTULO Efectos da desregulación do sector eléctrico sobre a estratexia das compañías eléctricas. Análise dinámico da actividade de xeración: mercado grosista de electricidade e investimento en capacidade de xeración.

DOCTOR/A GARCÍA ALVAREZ, MARIA TERESA

DIRECTOR/A GARCIA RODRIGUEZ, RAFAEL MARIA

TRIBUNAL

PRESIDENTE CUERVO GARCIA, JOSE ALVARO
VOCAL 1 RIVERO TORRE, PEDRO
VOCAL 2 MENÉNDEZ MENÉNDEZ, MANUEL
VOCAL 3 LOREDO FERNÁNDEZ, ENRIQUE
SECRETARIO VARELA SANTAMARÍA, RAMÓN

DATA 11/12/2006